No que se refire á reutilización das vivendas, a rehabilitación posibilitaría a ocupación do 61,3% das vivendas baleiras da zona da Muralla, o 47,8% das vivendas baleiras na zona do Arrabal, o 39% das vivendas baleiras da zona de Os Chaos o 30% das vivendas baleiras de Carude-A Compañía, o 49,4% das vivendas baleiras de Ramberde-Abeledos.

Establecido un alcance temporal do Programa de Rehabilitación de 16 anos, o ritmo de rehabilitación requirido para dar resposta ás necesidades de rehabilitación derivadas dos estados da edificación ascende a uns 23 edificios por ano en estado malo ou regular que afectarían a 32 vivendas das que unhas 19 se situarían en edificios catalogados.

A esta estimación engádese, para os efectos de dimensionar o alcance esperado das accións de rehabilitación, unha previsión de intervencións en edificios catalogados diagnosticados en bo estado, atendendo á súa posible evolución durante o período de desenvolvemento do Programa e mesmo á existencia de iniciativas de mellora ou reforma funcional. Para tal efecto contéplase a intervención no 30% dos edificios catalogados en bo estado, o que significa incorporar ao Programa 64 edificios con 88 vivendas das que unhas 17 estarían desocupadas. Con esta incorporación o alcance da rehabilitación integral pasaría a ser duns 27 edificios e 37 vivendas ao ano, das que unhas 24 se situarían en 19 edificios catalogados.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020	
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18	
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)	

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48





La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411124
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:48
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)</small>		



4.2. OS CUSTOS DA REHABILITACIÓN

A avaliación dos custos da rehabilitación ten por obxecto estimar as grandes magnitudes dun proceso que pola súa complexidade, derivada tanto da diversidade de situacións de uso, tenencia e estados como da atomización dos operadores e das características da poboación que ten que participar nel, non permite unha valoración axustada en alcance orzamentario senón unha estimación agregada.

Non se avalían os investimentos necesarios na restauración dos edificios catalogados no nivel 1, que pola súa propia natureza esixen dunha aproximación técnica específica, previa á valoración económica da intervención, que desborda o obxecto do Plan Especial, e que -en todo caso- presentan un peso pequeno.

Neste apartado procédese a estimar o monto total do investimento necesario para formular o proceso de rehabilitación e as medidas que deben preverse para o seu fomento.

Para avaliar o custo da rehabilitación, procederase a tipificar as actuacións rehabilitadoras en función do seu nivel de intensidade. Para o efecto pártese de módulos tipo contrastados na experiencia técnica máis recente da rehabilitación protexida. Clasifícase a rehabilitación en lixeira, baixa, media, alta e especial. correspondendo a cada unha delas unha porcentaxe do módulo básico de referencia do Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación para 2012 de 16,5%, 25%, 33,3%, 50% e 70% respectivamente.

En atención aos sobre custos que implica a singularidade arquitectónica dos edificios dos tecidos históricos, increméntanse os tipos de custo en porcentaxes que representan o 10% nas rehabilitacións lixeiras, e o 15% nas baixas, medias, altas e especiais. A esta modulación engádeselle un 25% dos tipos en concepto do sobre custo das obras de interese arquitectónico directamente relacionadas coa posta en valor dos edificios catalogados.

En conclusión, as intervencións tipo, que de forma maioritaria veñen referidas aos edificios catalogados, quedan moduladas como segue:

Rehabilitación lixeira:	120 €/m ² construído
Rehabilitación baixa:	210 €/m ² construído
Rehabilitación media:	280 €/m ² construído
Rehabilitación alta:	420 €/m ² construído
Rehabilitación especial:	595 €/m ² construído



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



Atendendo á singularidade da pervivencia de estruturas de construción de terra nas que Monforte representa a máis salientable presenza urbana en Galicia, engádesse nos edificios catalogados desta condición un coeficiente do 15% dos tipos de custo considerados.

A asignación do conxunto de edificios obxecto de rehabilitación a cada un dos tipos de intervención establécese co criterio de asignar os edificios en mal estado aos tipos de rehabilitación especial e supoñer que os edificios en estado regular dirixiranse á rehabilitación lixeira nun 40% e á rehabilitación baixa, media ou alta en porcentaxes respectivos do 20%.

A aplicación de módulos ao conxunto edificado parte da medición de superficies das edificacións extraída da explotación do ficheiro de unidades edificatorias elaborado tralo correspondente traballo de campo e incorporando datos catastrais, distinguindo os respectivos estados da edificación e os usos residenciais. Para avaliar o custo de rehabilitación doutros usos adóptase o 50% do módulo tipo para vivenda, que equivale a supoñer que no 50% dos casos, os outros usos (en xeral comerciais e asimilados ou rochos) interveñen na rehabilitación dos elementos comúns da edificación (40% do módulo tipo-medio) e no outro 50% acada un 60% do custo da rehabilitación de vivenda). Este suposto resulta adecuado, se consideramos que tal apartado comprende desde locais comerciais en explotación en bo estado, ata anexos da edificación.

O resultado da estimación do custo de contrata da rehabilitación exprésase nos cadros que seguen:

TOTAL CUSTOS ESTIMADOS REHABILITACION (EN MILES DE EUROS)

	VIVENDA	OUTROS USOS	TOTAL
CATALOGADOS	19.387,17	2.197,50	21.584,67
NON CATALOGADOS	5.212,08	654,68	5.866,76
TOTAL CUSTOS PEP	24.599,25	2.852,18	27.451,43

Ao custo das obras de rehabilitación haberá que engadirle os impostos as taxas e os honorarios profesionais por proxecto e dirección facultativos. Estes últimos consideráronse en todos os casos, con independencia de que o tipo das obras non requira intervención técnica en materia de seguridade estrutural e de proxecto arquitectónico, para garantir unha intervención técnica cualificada en todos os casos, que se vén mostrando na experiencia comparada como decisiva tanto para incentivar a intervención dos particulares como para acadar resultados arquitectónicos valorizadores do patrimonio. Deste modo, o custo total da rehabilitación ascendería a 32.666,40 miles de euros.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



Este investimento significaría repoñer en uso 281 vivendas hoxe desocupadas, e mellorar a habitabilidade de 154 vivendas ocupadas, prolongando a súa vida útil e evitando o seu deterioro, mediante a rehabilitación media, baixa e lixeira.

Ademais levaría á rehabilitación e mellora de espazos con outros usos, maioritariamente locais de actividade nos baixos e complementarios da edificación, nunha proporción duns 33 m² por cada vivenda rehabilitada no conxunto.

Como se indicou no apartado anterior, sobre o programa de necesidades de rehabilitación actuais, prevese a incorporación ás iniciativas de rehabilitación de algunhas das edificacións consideradas en bo estado. Trátase de prever, tanto a evolución do estado destas edificacións ao longo dos dezaseis anos previstos para o programa de actuación, que puidera xerar a demanda de accións determinadas de mellora; como a emerxencia de actuacións de reformas funcionais.

Para tal efecto, estimouse a demanda de accións de rehabilitación para o 30% dos edificios catalogados en bo estado. O que incorpora accións de rehabilitación lixeira ou baixa, ao 50%, en outros 64 edificios con 88 vivendas, das que 71 están ocupadas, que inclúen ademais a mellora de espazos con outros usos (locais de actividade e complementarios da edificación en baixo) nunha proporción que duplica á do programa básico (66 m²/viv. rehab.).

Este escenario de rehabilitación integral, suporía intervir en 428 edificios (aproximadamente o 45% dos existentes no ámbito do Plan Especial). Desde o punto de vista patrimonial implicaría actuar en 310 edificios residenciais dos 458 catalogados. Desde o punto de vista social suporía a mellora das condicións de 229 vivendas, o 27% das actualmente ocupadas, e a reparación doutras 369 desocupadas capaces de atraer nova poboación. Desde o punto de vista da recuperación económica implica a mellora duns 24.500 m² de plantas baixas destinadas a usos comerciais, artesanais, hosteleiros e de servizos diversos, así como para usos complementarios das vivendas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48





La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411124
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:48
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)</small>		



4.3. AS MEDIDAS DE FOMENTO DA CONSERVACIÓN E DA REHABILITACIÓN

4.3.1. As medidas fiscais e as valoracións do solo e as construcións

As normativas que regulan os diferentes tributos con incidencia nos bens inmobles, taxan o tratamento fiscal da rehabilitación e dos bens de interese cultural mediante a regulación de determinadas exencións, bonificacións e deducións.

No caso particular da tributación municipal, o Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da “Ley Reguladora de las Haciendas Locales” non recoñece outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei.

De modo sintético descríbese a continuación o tratamento dado na lexislación tributaria vixente á rehabilitación de edificios de interese arquitectónico comprendidos en conxuntos históricos declarados.

Referirémonos aos tributos con incidencia directa máis relevantes e xeneralizados na acción rehabilitadora e protectora que son: Imposto sobre Bens Inmobles, Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, Imposto sobre Construcións, así como a Taxa por licenzas de construción.

A valoración catastral é determinante no cálculo da base imponible dos impostos municipais sobre bens inmobles e incremento de valor dos terreos. Polo tanto, será relevante a axustada valoración catastral atendendo ás condicionantes e limitacións que impón a protección arquitectónica.

A entrada en vigor do Plan Especial deberá levar consigo a revisión dos valores catastrais, adaptándoos aos novos aproveitamentos urbanísticos, e contemplando o conxunto de edificios catalogados que impliquen cargas singulares aos que non se lles aplicara xa o coeficiente corrector dos valores do solo e da construción previsto para o efecto nas Normas Técnicas de valoración catastral de bens inmobles urbanos.

De conformidade coas intervencións permitidas para cada nivel de protección na Normativa do Plan Especial, os conceptos catastrais de protección integral, estrutural e ambiental terán a correspondente tradución respecto do Catálogo do Plan, para os efectos de aplicar os correspondentes coeficientes correctores 0,7; 0,8 e 0,9 respectivamente.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



Para os efectos da aplicación dos coeficientes correctores do valor catastral das construcións en razón da antigüidade das mesmas, haberá de precisarse a correlación entre os conceptos de intervención definidos na Normativa Urbanística do Plan coma de reestruturación total e as definicións fiscais de rehabilitación integral ou de reconstrución. De modo que as reformas que non alcancen tal intensidade non sexan consideradas a efectos catastrais como inicio dun novo cómputo de idade da edificación podendo seguir aplicando os coeficientes correctores da valoración da construción en función da súa idade de orixe (construción, reconstrución ou rehabilitación integral) corrixida en proporción ao alcance da reforma (25%, 50%, 75% segundo a porcentaxe dos custos respecto dos da obra de nova planta). Os coeficientes de idade acadan -a modo de exemplo- valores como os seguintes: 0,79 para edificios tipo de entre 15 e 19 anos, 0,49 entre 50 e 54 anos, ... ata 0,32 en edificios de 90 ou máis anos. Coeficientes aplicables sobre o valor das construcións de conformidade coa Normativa técnica de valoración catastral.

No referido ao Imposto sobre Bens Inmóbles, a Lei taxa as súas bonificacións referíndoas, no caso que nos ocupa, á exención do imposto para os edificios declarados expresa e individualizadamente monumentos e para aqueloutros comprendidos no conxunto declarado que, contando con antigüidade superior a 50 anos, estean incluídos no Catálogo do Plan e sexan obxecto de protección integral en razón do seu carácter singular.

No Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos contéplase a exención para a transmisión dos bens incluídos no perímetro do conxunto declarado, cando os propietarios acrediten ter realizado ao seu cargo obras de consolidación, mellora e rehabilitación, a establecer nos seus aspectos substantivos e formais na Ordenanza Fiscal municipal correspondente.

Nos dous impostos anteriores, o valor catastral constitúe a variable definidora da base, recordamos aquí, polo tanto, o indicado anteriormente en relación á adaptación de tales valores ás determinacións do Plan Especial.

En relación ao Imposto sobre construcións, instalacións e obras, cabe reseñar que a lexislación vixente prevé que o Concello poda regular na súa Ordenanza Fiscal unha bonificación de ata o 95% da cota para casos excepcionais e previa solicitude do suxeito pasivo e acordo plenario -por maioría simple- de declaración expresa de especial interese ou utilidade pública por concorrer circunstancias culturais ou histórico-artísticas que o xustifiquen.

 DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE	La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411124
		JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:48
		DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)	



En relación coa Taxa por expedición de licencias urbanísticas non se contempla ningún tipo de beneficio fiscal en función do tipo de obra ou da clase de edificio no que se produce.

Polo tanto, os beneficios fiscais previstos pola Lei en favor da protección do patrimonio do conxunto histórico, limitados nestes momentos aos tributos municipais, constitúen un marco para o fomento da rehabilitación e do cumprimento dos deberes e cargas impostas aos titulares de bens do Patrimonio Histórico, desenvolvendo así o mandato do Art. 69 da Lei do Patrimonio Histórico Español.

Para os efectos da súa instrumentación en desenvolvemento do Plan Especial, a partir da súa aprobación haberá de impulsarse con carácter prioritario a revisión das valoracións catastrais para a súa acomodación ás condicións de edificabilidade aplicables ás construcións, e a revisión dos coeficientes relativos ás fincas catalogadas aplicables ao solo e ás construcións.

A aprobación do Plan Especial debera ir acompañada tamén dos axustes procedentes da regulamentación nas Ordenanzas Fiscais Municipais correspondentes das exencións e bonificacións que a Lei autoriza para os impostos municipais antes citados, en parte xa presentes nas Ordenanzas Municipais vixentes.

4.3.2. As políticas de fomento da rehabilitación.

O Concello de Monforte de Lemos vén desenvolvendo accións dirixidas á rehabilitación e conservación do seu conxunto histórico, utilizando mecanismos que a lei ofrece para acadar o cumprimento polos propietarios de inmobles dos deberes de conservación que lles corresponden, e tamén para incentivar este cumprimento e colaborar con aqueles nas cargas que resulten especialmente gravosas que, en definitiva, redundan en beneficio da comunidade, como é patente no caso dos bens de interese cultural e patrimonial. Igualmente, o impulso das accións de rehabilitación presentan unha compoñente social, vencellada directamente coa mellora das condicións de vivenda dos residentes no conxunto histórico, así como unha compoñente urbanística dirixida á recuperación do uso residencial que garante a vitalidade dos barrios históricos e poren, do patrimonio urbano.

Con esta finalidade impulsouse a declaración en 25 de abril de 2003 da Área de Rehabilitación Integral do Burgo Medieval de Monforte de Lemos e o seu contorno. En data 22.07.2015 declárase Área de Rehabilitación Integral á totalidade do Conxunto Histórico e ás súas áreas de respecto, co alcance de declaración de Área de



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



Rexeneración e Renovación Urbana para os efectos do Plan Estatal 2013-2016 do R.D. 233/2013.

Instrumentada a través da Oficina Municipal de Rehabilitación, a iniciativa municipal de impulso á rehabilitación tivo unha presenza no seu ámbito inicial importante en resultados pero tamén en expectativas. Desenvolvendo os sucesivos Plans Estatais de Vivenda entre 2004 e 2012 implantouse no barrio a experiencia da rehabilitación xerando ata 142 actuacións previstas, das que constan executadas 52 actuacións.

A ampliación da ARI ao conxunto declarado e as súas áreas de respecto coincide, en 2015, cun momento de cambio das políticas de fomento da rehabilitación en relación ás prácticas dilatadas dos Plans de Vivenda que incorporaron a atención ao parque edificado desde comezos dos anos 80. Por unha parte, a crise inmobiliaria, pon en primeiro plano a atención á cidade existente, ao parque edificado e de vivendas xa construído e aos seus tecidos urbanos. Por outra parte, a política de vivenda vólvese máis selectiva e oriéntase ao fomento do aluguer na pretensión de normalizar un réxime de tenza que tiña en España unha mínima presenza, arrombado pola xeneralización de acceso á propiedade da vivenda.

O “Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016” (R.D. 233/2013 de 5 de abril) vén a representar a primeira iniciativa dirixida á articulación da nova política. Unha iniciativa anticipadora da “Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas”.

Cunha duración cuatrienal, o Plan Estatal céntrase en obxectivos como:

- Concentrar as axudas relacionadas coas necesidades sociais no fomento do aluguer e no fomento da rehabilitación e a renovación urbanas.
- Reforzar a coordinación e cooperación entre administracións fomentando a corresponsabilidade no financiamento e na xestión.
- Mellorar a calidade da edificación, en particular respecto á súa eficiencia enerxética, accesibilidade universal, adecuada recollida de residuos e debida conservación.
- Contribuír á reactivación do sector inmobiliario desde o fomento ao aluguer, o apoio á rehabilitación de edificios e a rexeneración urbana.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



Tales obxectivos estrutúranse en oito programas:

1. Programa de subsidiación de préstamos convidos.
2. Programa de axuda ao aluguer de vivenda.
3. Programa de fomento do parque público de vivenda de aluguer.
4. Programa de fomento da rehabilitación edificatoria.
5. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.
6. Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios.
7. Programa para o fomento de cidades sostibles e competitivas.
8. Programa de apoio á implantación e xestión do Plan.

Para os nosos efectos, resultan de especial importancia os Programas de Fomento da rehabilitación edificatoria e o de Fomento da rexeneración e renovación urbanas. Dous programas centrais que poden chegar a absorber ata o 70% da dotación orzamentaria do Plan. Para ambos programas aténdese, entre os criterios para a súa asignación, ao número de vivendas en edificios predominantemente residenciais rematados antes de 1981; requirindo o de rexeneración e renovación urbana de acordos específicos coa Comunidade Autónoma con participación dos Concellos, e valorándose especialmente a participación empresarial con fondos propios para garantir a viabilidade.

O Programa de Fomento de rehabilitación edificatoria ten por obxecto o financiamento de obras de mantemento e intervención en instalacións fixas e equipamentos propios así como en elementos comúns das edificacións residenciais colectivas que sexan anteriores a 1981, dispoñan do 70% de superficie construída destinada ao uso de vivenda e máis do 70% das vivendas constitúan domicilio habitual de propietarios ou inquilinos.

Excepcionalmente admitiranse edificios que sen cumprir estas condicións presenten graves danos ou teñan integramente por destino o aluguer durante non menos de 10 anos.

As actuacións obxecto do programa irán dirixidas á conservación dos edificios, a mellora da calidade e a sostibilidade e á realización de axustes razoables en materia de accesibilidade. Considéranse especificamente entre as actuacións de conservación as relativas a cubertas, fachadas, medianeiras ou elementos comúns dos edificios situados en conxuntos históricos, así como as relativas ás instalacións do edificio. Entre as de mellora da calidade e sostibilidade contéplanse obrigadamente algunha das de envolvente térmica, carpinterías e acristalamento; das de instalacións de calefacción, auga quente, ventilación, refrixeración, para a mellora de eficiencia enerxética; e das de



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



utilización ou xeración de enerxías renovables; que xustifiquen un aforro da demanda enerxética do 30%.

Como beneficiarias, as comunidades de propietarios, propietarios únicos de edificios de vivendas e as administracións públicas propietarias de edificios de aluguer de cando menos 10 anos, poderán recibir axudas de ata o 35% do custo subvencionable que se pode incrementar un 10% en edificios obxecto de protección integral polo planeamento. Co límite de 11.000 € por vivenda ou por 100 m² de superficie útil de locais, que se eleva ata 12.100 € nos edificios con protección integral.

Unha axuda que se desglosa por tipos de actuación: ata 2.000 euros para actuacións de conservación que simultaneadas coas de mellora de calidade e sostibilidade poden incrementarse en 1.000 euros e en outros 1.000 euros si se realizan tamén obras de accesibilidade. Ata 2.000 euros para actuacións de mellora da calidade e sostibilidade, que poden elevarse a 5.000 euros si reducen no 50% a demanda enerxética de calefacción e refrixeración do edificio. Ata 4.000 euros para actuacións de mellora de accesibilidade. Todas elas elevables nun 10% para edificios de protección integral.

O Programa de Fomento da rexeneración e a renovación urbana está dirixido ao financiamento conxunto da rehabilitación de edificios e vivendas, da urbanización ou reurbanización de espazos públicos e -no caso de substitución de edificios demolidos- a edificación de nova planta, dentro dun ámbito previamente definido e delimitado pola Administración.

A súa finalidade diríxese á mellora de tecidos residenciais, recuperación de conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados, ...; unha casuística que se acomoda á situación e problemática do Conxunto Histórico de Monforte, como vén de amosar o Convenio vixente suscrito polo Concello co Ministerio de Fomento.

Son subvencionables as obras de intervención en edificios e vivendas, equipamento propio e elementos comúns; urbanización e reurbanización de espazos públicos e todos os seus servizos; mellora ambiental e de accesibilidade aos espazos públicos; demolición e edificación de vivendas de nova construción con elevada cualificación enerxética.

Comprende tamén os custos de realoxo temporal e gastos dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social do programa.

O ámbito, que se delimita por acordo da Administración, terá un mínimo de 100 vivendas, podendo ser continuo ou discontinuo; se ben en conxuntos históricos se

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411124 Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:48
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18	
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)		



contemplan excepcións respecto do número de vivendas previo acordo expreso da Comisión Bilateral de Seguimento Estado-Comunidade Autónoma.

O 60% da edificabilidade sobre rasante existente estará destinada no planeamento vixente ao uso residencial vivenda habitual.

As Comunidades Autónomas remitirán ao Ministerio de Fomento as súas propostas, sendo priorizadas na seguinte orde:

- a) Os ámbitos impostos mediante acordo da Administración derivada da necesidade de actuar con carácter integrado sobre ámbitos degradados.
- b) Actuacións de rexeneración urbana integrada que inclúa rexeneración social, económica e ambiental do ámbito.
- c) Ámbitos incluídos en conxuntos históricos declarados que contén con Plan Especial de Protección e Rehabilitación (cando menos aprobado inicialmente no momento da solicitude).
- d) Que exista compromiso de cofinanciamento doutras Administracións.
- e) Que inclúan modalidades innovadoras de financiamento privado.

Na Comisión Bilateral de Seguimento subscribiranse, coa participación do Concello, os acordos correspondentes, previa presentación da documentación que comprenderá a Delimitación do Ámbito de Rexeneración e Renovación Urbana coas determinacións urbanísticas de aplicación e a Memoria-Programa que inclúa: Diagnóstico, Programa de accións integradas, Memoria de Viabilidade técnica e económica, Plan de realoxo temporal e retorno necesario. Os edificios e vivendas incluídos deberán de dispoñer de Informe de avaliación e acordo da Comunidade de Propietarios.

O beneficiario das axudas será quen asuma a responsabilidade da execución integral do ámbito de actuación: Administracións públicas, propietarios únicos, comunidades de propietarios, consorcios ou Asociacións administradoras de xestión. De ser varios os responsables a axuda distribúese en proporción ao custo asumido por cada un. Non pode recibir financiamento quen se teña beneficiado do Programa de rehabilitación edificatoria.

A contía máxima das axudas será de ata o 35% do custo subvencionable, nun importe máximo de 11.000 euros por vivenda obxecto de rehabilitación e de ata 30.000 euros por vivenda construída en substitución doutra demolida previamente.

Para a mellora do medio urbano (urbanización e reurbanización) a axuda elévase ata 2.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48



A estas cantidades engadiranse:

- Ata 4.000 euros por ano por unidade de convivencia a realoxar ata un máximo de tres anos.
- Ata 500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipos e oficina de planeamento, información e xestión do programa.

As subvencións deste Programa serán compatibles con calquera outras públicas ata o custo total das actuacións.

Os dous programas, de Fomento da rehabilitación edificatoria e de Fomento da rexeneración e renovación urbana, constitúen o escenario marco para o encadramento de política de rehabilitación do conxunto histórico de Monforte. Aberto o primeiro á solicitude directa dos titulares dos edificios, se ben orientado especificamente a determinados tipos de intervencións e lixeiramente coa ocupación das vivendas. Con vocación de integralidade o segundo, implicando a mellora do espazo público e coa ambición de acadar a rexeneración urbana material, ambiental, social e económica, especificamente orientado aos conxuntos históricos, aberto ao financiamento da rehabilitación das vivendas e co recoñecemento da participación municipal. Neles haberá de moverse o ancoramento de xestión do programa de rehabilitación do Plan Especial de Protección do conxunto histórico de Monforte de Lemos.

Sen prexuízo de que se poida optar en algún momento ás convocatorias públicas do Programa para o Fomento de cidades sostibles e competitivas, para ser seleccionados mediante procedemento aberto e concorrencia competitiva; un programa que, entre as súas liñas estratéxicas, identifica aos centros e cascos históricos, incluíndo rehabilitación de edificios con algún grao de protección, mellora dos espazos públicos e revitalización económica.

4.3.3. As axudas xerais á rehabilitación.

Avaliouse o alcance económico das axudas directas, partindo das referencias ao nivel e condicións reguladas na normativa aprobada sobre medidas de financiamento de actuacións protexidas no Programa de rexeneración e renovación urbana establecido no Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, a rexeneración e renovación urbanas. 2013-2016.

As axudas estatais do Ministerio de Fomento no marco do Real Decreto 233/2013 establécense para o Programa de accións integradas de rexeneración e renovación



urbana nunha subvención máxima de 11.000 euros por vivenda rehabilitada sen superar o 35% dos custos subvencionables da rehabilitación.

Os investimentos medios previstos para as actuacións de rehabilitación lixeira e as baixas en edificios non catalogados están xeralmente por baixo do orzamento no que o límite do 35% imposto polo RD 233/2013 impide o aproveitamento da subvención media máxima de 11.000 €. As rehabilitacións medias e altas acadan xeralmente con folgura estes máximos ofrecidos, excepto nos casos de edificios non catalogados de pequeno tamaño.

Para a estimación dos recursos para axudas xerais á rehabilitación susceptibles de ser atraídos para o desenvolvemento do Programa de Rehabilitación do Plan Especial, consideraremos que o deseño específico das ordenanzas para concesión de axudas á rehabilitación que se diten en desenvolvemento do Plan Especial, no marco dos Plans de estatais, permitirán optimizar as axudas correspondentes a cada programa.

En consecuencia, atendendo ao número de vivendas implicadas no Programa de Rehabilitación, preséntanse no cadro seguinte as estimacións das axudas susceptibles de ser captadas en caso de consolidarse a política de rehabilitación expresada no Plan Estatal 2013-2016 e con ela a delimitación e xestión de Ámbitos de Rexeneración e Renovación urbana capaces de dar cobertura ao completo programa de rehabilitación integral previsto no Plan Especial. Un obxectivo que requirirá dunha capacidade de organización previa da demanda para cumprimentar e comprometer programas susceptibles de ser executados no prazo perentorio de tres anos que establecen os plans estatais.

SUBVENCIONES Mº DE FOMENTO. PROGRAMAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA

	MILES DE EUROS
Rehabilitación edificios e vivendas	5.909,00
Urbanización e Reurbanización	1.196,00
Oficina de Rehabilitación	299,00
TOTAL	7.131,00

Fte.: Referencia: RD. 233/2013. Elaboración propia.

A porcentaxe media de subvención das axudas xerais á rehabilitación ascende estimativamente ao 18% do total do investimento en rehabilitación, á espera de coñecer as aportacións da Comunidade Autónoma aos futuros programas de fomento da rehabilitación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)

DOCUMENTO: 20200411124

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:48



O importe total dos recursos requiridos para o Programa de Rehabilitación ascende a 32,67 millóns de euros para os dezaseis anos do Programa previsto, o que representa unha media de 2.042 miles de euros anuais, dos que os programas de rexeneración e recuperación urbanas estatais poderían aportar ata 369 mil euros anuais.

Pola súa parte, os recursos públicos requiridos polas accións de reurbanización, mellora ambiental, do espazo público e das dotacións e servizos para a recuperación do barrio elévanse a 6,3 millóns de euros dos que os programas de rexeneración e recuperación urbana poderían aportar ata 1,2 millóns de euros con orixe nos plans estatais do Ministerio de Fomento. O que representa un investimento medio anual de 396,55 miles de euros, susceptible de ser financiado entorno ao 20% polos plans estatais.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F400F3H3A5D1Z5K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020	
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:48:18	
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020	
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411132)	

DOCUMENTO: 20200411124
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:48

